

MONTE ALTO

Agustín Fernández Paz

11:00 02/07/2009

Presta dicilo aquí, en Vieiros, con cuxa posta en marcha el tivo tanto que ver: certa gran literatura é enganosamente fácil, como fácil lle parecería escribir a quen comezase as súas lecturas por Steinbeck –o d’*A perla*, digo- ou por *Cartas de inverno*. A prosa de Agustín Fernández Paz posúe o don raro da transparencia, non só na maneira de contar, senón na planificación e na execución das historias.

Temos o privilexio de comprobar os efectos desa narrativa nidia no campo de probas máis cruel. Trinta rapaces e rapazas nunha clase, cada un coa súa maneira de ver o mundo, algunhas feitas no pracer do papel impreso, outros con alerxia adquirida aos hábitos que a lectura esixe –concentración, comprensión, capacidade para evocar- e cada vez que inauguramos a nova entrega de Agustín Fernández Paz óbrase o prodixio. Son escenas inesquecibles, sinxelas. Dous adolescentes báñanse á luz estival en *Corredores de sombra* e o silencio dun rito comeza a dominar a aula. O galego portentoso do meu alumnado, a cadencia de matices vocálicos, entoada desde o propio código chairego en que soña Fernández Paz, regala a algúns mediodías esa textura única. Ao pararmos enxurran as intervencións e o debate.

O único que queda é o amor, relatos nos que se revela un lector apaixonado pola poesía, é a última entrega do vilalbés. A súa mestría brilla, se cadra, coa maior potencia e consegue a fluidez cinematográfica á que nos ten afeitos. Unha obxectividade só aparente; creo que foi Jaureguizar dos primeiros da penúltima fornada en apreciar a exquisita harmonía da arquitectura de Fernández Paz cando consegue que a eficacia das localizacións, a análise psicolóxica e a selección léxica resulten case invisibles. Un remata e lembra sen esforzo a linealidade das estorias de amor e desamor, pero a facilidade da nosa memoria ten que ver coas horas de oficio que este autor batido en mil causas foi labrando ata a depuración extrema.

Dicíame a semana pasada unha compañeira encargada da biblioteca que as constantes entradas e saídas dos libros de Agustín Fernández Paz –lecturas non condicionadas polo criterio do profesorado, e crede que a nosa biblioteca está ben mantida doutros clásicos nacionais e internacionais-, coma as de Xabier P.

Docampo ou Fina Casalderrey, se me permiten o atrevemento de escoller tres nomes, proban que a literatura galega á que se lle puxo o carimbo de “xjuvenil” alcanzou extraordinaria altura. [Velaquí](#) a penas unha páxina que ben podería ser a autopoética mesma de Fernández Paz. Se a le vostede explicárase moitas cousas.

